

CUESTIONARIO DE LECTURA DO LIBRO *EL SEÑOR DE LAS MOSCAS* (1954) DE WILLIAM GOLDING (1911-1993)

- 1) Resume o argumento do libro. ¿Cal coidas que é a mensaxe que tenta transmitir o seu autor? Reformula esta mensaxe en termos políticos tomando en consideración conceptos como poder, autoridade e lei.
- 2) O libro lanza unha hipótese sobre a orixe da sociedade: ¿que acontecementos explicarían na novela o xurdimento da sociedade humana?, ¿pensas que as orixes da sociedade puideron ser semellantes ás reflectidas na narración ou descubriches diferenzas esenciais? Xustifica a túa resposta.
- 3) ¿En que momentos e en que lugares pódense localizar na novela o estado de natureza, a orixe da sociedade e a instauración dunha organización política?
- 4) Atópanse no relato elementos cargados de simboloxía, con posíbeis equivalencias na nosa cultura e que inciden na organización da nosa sociedade; indica, en primeiro lugar, qué son e qué papel desempeñan estes elementos na novela e, a continuación, tenta descubrir a simboloxía e a equivalencia na nosa sociedade actual de: a plataforma, a bucina [*caracola], o fume, a fera [*fiera] e o señor das moscas.
- 5) ¿Como interpretas a continua referencia aos maiores? ¿En que clase de réximes políticos son necesarios os maiores?, ¿a democracia ten necesidade de maiores que lle dean instrucións aos cidadáns respecto de como deben actuar politicamente?, en termos políticos, ¿que clase de cidadanía precisa a democracia?
- 6) O sentido da existencia dos personaxes vai do xogo ao deber; analiza o sentido da vida e aporta unha caracterización psicolóxica dos seguintes personaxes: Ralph, Jack, Piggy, Roger, Simon e “os pequenos”.
- 7) ¿Que lectura acerca da natureza humana e da sociedade sustenta o relato de Golding, segundo a túa opinión: unha de tipo hobbesiano ou unha de tipo rousseauniano? Razona a resposta.
- 8) ¿Cal é o tipo de réxime político que Ralph e Piggy tratan de introducir na sociedade de nenos e rapaces? Describe as súas características tal e como quedan reflectidas na novela. ¿Cal é de feito o tipo de réxime político que Jack consegue implantar?, ¿por que fracasa o modelo de organización política proposto por Ralph e Piggy?, ¿e por que trunfa o proposto por Jack? ¿Que lección extraemos acerca dos requisitos específicos do réxime político auspiciado por Ralph e Piggy? ¿Por que os réximes políticos como o defendido por Jack adoitan contar co respaldo da xente?